



CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en establecimientos regrados

Decembro 2018

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de decembro de 2018**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento regrado da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2017 e anteriores.


DECEMBRO 2018
Tab 1. Viaxeiros, noites, estadia media e grao de ocupación nos establecementos regrados. Decembro 2018

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17	%	Var. Int. 18/17
HOTEIS	195.680	11,7%	350.794	8,4%	1,79	-3,0%	31,47%	2,32
PENSIÓNS	25.067	-7,1%	62.425	4,6%	2,49	12,6%	15,16%	2,00
ESTAB. HOTELEIROS	220.745	9,2%	413.219	7,8%	1,87	-1,3%	27,04%	2,55
APTOS. TURÍSTICOS	5.756	1,1%	16.179	-8,9%	2,81	-9,8%	13,31%	-2,80
CÁMPINGS	199	-7,0%	414	-11,0%	2,08	-4,3%	8,29%	-0,05
TURISMO RURAL	9.365	-1,0%	17.512	-16,3%	1,87	-15,5%	10,81%	-2,46
ESTAB. EXTRAHOTEL.	15.320	-0,3%	34.105	-12,9%	2,23	-12,6%	-	-
TOTAL	236.065	8,5%	447.324	5,9%	1,89	-2,4%	-	-

- En decembro do pasado ano 2018 obsérvase un comportamento positivo da demanda turística regrada no conxunto da comunidade. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 8,5% e o volume de noites un 5,9% en relación ao mesmo período do anterior 2017.
- É o cuarto ano consecutivo no que se observa un incremento da demanda turística en Galicia no último mes do ano, con subas do 8,0% en 2015, do 9,1% en 2016, do 8,7% en 2017 e do 5,9% agora en 2018. Esta dinámica coloca o volume final por encima das 447 mil noites, dato que en sentido estrito sitúase como un máximo histórico na comunidade –supera en apenas 3.000 noites o valor rexistrado en decembro de 2007-.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é semellante pero máis intensa. Neste caso o comportamento positivo comeza en decembro de 2013, con subas de diversa intensidade, que colocan o nivel final deste 2018 en 236 mil viaxeiros –dato que tamén supón un máximo histórico na comunidade-.
- É o segundo mes consecutivo –e quinto no total do ano- no que se rexistra un incremento da demanda turística en Galicia –acontecera o mesmo no primeiro trimestre de 2018-, circunstancia que se contrapón ao observado de abril a outubro cando se rexistran caídas consecutivas de diversa intensidade. En termos globais, por tanto, obsérvase un comportamento positivo na temporada baixa fronte á temporada media e alta que presenta dinámicas negativas. En consecuencia suavízase sutilmente o carácter estacional do turismo en Galicia neste ano.

- O cómputo global da como resultado que en 2018 o nivel de demanda turística regrada en Galicia descende un 4,1% en relación ao 2017 –rexistrando máis de 10,2 millóns de noites-.


Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Mes de decembro 2005-18



- En termos de volume as variacións deste mes tradúcense, nun sentido estrito, na xeración de máis de 18 mil viaxeiros aloxados e de 25 mil pernoctacións en relación ao mes de decembro de 2017.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento parello pero de menor intensidade. Incrementábase nun 3,6% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 1,4% o volume de noites en relación ao mes de decembro de 2017.
- Rexístrase neste mes un comportamento dispar da demanda regrada a nivel das comunidades autónomas sendo maioría as que presentan unha dinámica positiva. Baleares marca, con certa diferenza, o mellor comportamento relativo superando nun 23% o nivel de demanda de decembro de 2017. Seguen en orde de importancia Cataluña -cunha suba do 11%- e o País Vasco -cun incremento neste caso do 7,5%-. Galicia marca neste mes a cuarta porcentaxe máis elevada, por detrás das tres anteriores.
- No lado contrario é Castela e León o destino que presenta un crecemento máis moderado, do 1,7% neste caso.
- Cinco destinos presentan, en cambio, un comportamento negativo con caídas de similar intensidade –de entre o 4% e o 5%-. Son A Rioxa, Navarra, Aragón, Canarias e Asturias –esta última marca a caída máis notable-.
- Do lado dos viaxeiros aloxados o panorama é semellante sendo tamén neste caso Baleares o destino de mellor comportamento relativo. Seguen igualmente en orde de importancia Cataluña e Galicia. Neste sentido a nosa comunidade sitúase como unha das máis dinámicas neste mes de decembro.

- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste mes a oitava posición representando o 2,0% do total de España –posición equivalente á dos últimos meses-. Canarias é o destino de maior peso en termos de demanda turística regrada con máis de 7,8 millóns de pernoctacións no mes de decembro –o 34% do total-. Sitúanse a continuación Andalucía –con preto de 3,2 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con máis de 2,8 millóns-, a C. Valenciana –con máis de 2,6 millóns- e Madrid –con pouco máis de 2,2 millóns-. Só estas cinco comunidades agrupan ao 82% do total da demanda turística regrada do conxunto de España.
- En decembro o 92,4% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 78,4%- coma ás pensións –co 14,0% neste caso-. O 7,6% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 3,6% da demanda total- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 3,9% neste caso-.
- Tal como corresponde a un mes de temporada baixa, os cámpings adquiren un peso pouco perceptible, practicamente insignificante, con apenas o 0,1% do total da demanda regrada. Difire notablemente do observado no verán –cando supera o 20% do total- ou mesmo no mes de setembro –cando supoñía o 7,8% do total-.

Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Decembro 2018




- Por tanto, o comportamento global da demanda turística regrada neste mes de decembro vén unha vez máis moi condicionada pola evolución rexistrada nos establecementos hoteleiros, e particularmente nos hoteis. Continúa a ser a tipoloxía de maior volume e peso na estrutura da demanda –absorbe a catro de cada cinco noites no aloxamento regrado-.
- En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste mes un comportamento dispar. Dunha banda sobe e mellora a demanda no ámbito hoteleiro, un 8,4% nos hoteis -como consecuencia dun incremento parello da cifra de viaxeiros aloxados, do 11,7%- e un 4,6% nas pensións –froito dunha mellora da estadia media nun contexto de caída da cifra de viaxeiros aloxados, do 7,1%-.
- No ámbito extrahoteleiro obsérvase, en cambio, un comportamento negativo xeneralizado con descensos do 8,9% nos apartamentos turísticos –consecuencia dun empeoramento da estadia

media nun contexto onde a cifra de viaxeiros sobe un 1%-, do 11,0% nos cámpings –variación pouco significativa dado o escaso volume de demanda ao que fai referencia- e do 16,3% nos establecementos de turismo rural –froito dun descenso paralelo da cifra de viaxeiros aloxados e da estadía media-.


- Obsérvase, por tanto, un comportamento homoxéneo dentro de cada grande segmento da oferta. Dunha banda con subas nas dúas tipoloxías do ámbito hoteleiro –hoteis e pensións- e doutra banda con caídas no ámbito extrahoteleiro –nos apartamentos turísticos, cámpings e turismo rural-.

Fig. 3. Variación interanual dos viaxeiros e noites en estab. regradados. Decembro 2018/17, por tipoloxías




- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na xeración de 30 mil noites no segmento hoteleiro e, pola contra, na perda de 5.000 noites no ámbito extrahoteleiro –cifra que afecta aos apartamentos turísticos e aos establecementos de turismo rural-.
- Dentro do segmento hoteleiro xa se viu un comportamento parello entre os hoteis e as pensións. Tal circunstancia trasládase ás diferentes categorías, se ben aprécianse diferenzas de intensidade. A única excepción vén da man das pensións de tres e dúas estrelas que amosan unha leve caída do 1%. Nos restantes segmentos a demanda sobe en termos interanuais, con incrementos relativos máis notorios nos hoteis de dúas estrelas e nas pensións dunha estrela –de máis do 15% en ambas-. Nos hoteis de catro e cinco estrelas o incrementos sitúase no 7,8%.
- Neste mes de decembro o 84,1% da demanda turística regradada corresponde ao turismo nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno -o dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional -aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-. O 15,9% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións mais son equivalentes ás rexistradas do lado dos viaxeiros aloxados. A estrutura é idéntica neste caso.
- Esta distribución é propia dun mes de temporada baixa no que o peso do turismo internacional fica no contorno do 15% e o do nacional supera o 80% do total da demanda.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada. Decembro 2018



- En termos de mercado obsérvase un comportamento homoxéneo neste mes de decembro. Ambos segmentos crecen en relación ao pasado, en porcentaxes variables.
- O turismo nacional sobe un 4,7% como consecuencia do incremento paralelo da cifra de viaxeiros españois, do 7,1% neste caso, nun contexto de certa caída da estadia media. É o cuarto ano consecutivo no que sobe o turismo nacional en Galicia neste mes de decembro, acadando en 2018 pouco máis de 376 mil noites –a cifra máis elevada dos últimos once anos e cun valor parello ao rexistrado en 2007-.

Fig. 5. Variación interanual dos viaxeiros e pernoctacións por procedencia, nos estab. regrados. Decembro 2018/17




- O turismo internacional presenta igualmente unha dinámica positiva con incrementos paralelos tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 16,6%- coma do volume de pernoctacións –do 12,8% neste caso-. Tamén neste caso se rexistran catro anos consecutivos de crecemento do segmento

internacional en Galicia no último mes do ano, colocando o nivel de 2018 en máis de 71 mil noites –dato que supón un máximo histórico na nosa comunidade-.

- En decembro o turismo de ámbito nacional representa o 84% do total da demanda turística regrada, porcentaxe elevada como corresponde a un mes de temporada baixa. O turismo internacional representa en cambio o 16%, cifra baixa que en todo caso supera nun punto a porcentaxe de decembro de 2017 –en realidade nunca antes o turismo internacional acadara este peso no último mes do ano-.
- O comportamento dos dous segmentos de mercado difire en relación ás grandes tipoloxías de aloxamento. Ambos presentan unha dinámica positiva no ámbito hoteleiro –onde o turismo nacional sobe un 6,6% e o internacional un 14,7%- mais presentan caídas no ámbito extrahoteleiro –neste caso o mercado nacional descende un 13,0% e o internacional un 11,7%-.
- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase en 1,89 noites, cifra que descende en relación ao anterior 2017 –un 2,4% en particular-. Cae a estadía media logo de presentar subas consecutivas en 2016 e 2017. Con esta dinámica Galicia marca no mes de decembro de 2018 a cifra máis baixa dos últimos tres anos.

Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Decembro 2018




- Os apartamentos turísticos son a modalidade que presenta as estadías máis elevadas, con 2,8 noites de media neste mes de decembro. Rexistra tamén cifras importantes, en contraposición ao que se observa noutros momentos do ano, as pensións –con 2,5 noites de media neste último mes do ano-. Nos hoteis e nos establecementos de turismo rural a cifra queda por debaixo das dúas noites –en concreto 1,8 noites nos primeiros e case 1,9 noites nos segundos-.
- En termos dinámicos a estadía media descende en todas as tipoloxías agás no caso das pensións, modalidade na que se incrementa nun 13% neste mes. A caída máis notable sitúase nos establecementos de turismo rural, cun descenso de máis do 15% en relación ao mes de decembro de 2017.
- A estadía media en Galicia sitúase nunha posición baixa en relación ás restantes comunidades autónomas, superando neste mes os valores rexistrados en tres destinos –Castela e León, Castela

A Mancha e Estremadura-. Canarias, con 7,2 noites de media, marca o valor máis elevado neste mes de decembro. No lado contrario é Estremadura o destino que presenta a cifra máis baixa, con 1,8 noites.

- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar entre as diferentes comunidades autónomas. Neste contexto Galicia sitúase no grupo dos once destinos onde descende en relación a 2017, con caídas moi parellas en intensidade.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Decembro 2018



- Desde o punto de vista da ocupación a dinámica é equivalente á observada no lado da demanda. Sobe e mellora no ámbito hoteleiro –en 2,3 puntos porcentuais nos hoteis e xustamente en dous puntos nas pensións- e descende en cambio no segmento extrahoteleiro –en 2,8 puntos nos apartamentos turísticos e en 2,5 puntos nos establecementos de turismo rural-.
- Os hoteis son a modalidade de aloxamento que presentan o nivel de ocupación máis elevado cun 31,5% de media neste mes. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase nos cámpings –cun 8,3% neste caso-.